

CONTANDO UN CONTO



POR

ROMÁN PEREIRO ALONSO

Hai pouco tempo escribín un texto para un catálogo editado pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, *Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, co título «Algúns retrincos con D. Paco». Comezaba o texto relatando que coñecera a Francisco Fernández del Riego en Vigo, nos primeiros anos da década dos setenta do pasado século. Con frecuencia coincidíamos polas mañás subindo a rampla da Porta do Sol, pola beirarrúa da dereita; el dirixíase á casa número 1 da praza da Constitución, implicado activamente no afianzamento e boa marcha da Fundación Penzol; eu encamiñábame cara á clínica fundada polo meu pai, no número 10 da mesma praza, na que me incorporara como patólogo e hematólogo. Naqueles encontros matinais vía a don Paco subir a costa con apurada lentitude e como envolto nun halo de felicidade. Cando coincidían as nosas miradas, saudábo; el, aínda sen coñecerme, respondía cun lixeiro e case inapreciable xesto, para min moi gratificante. Eu si que o coñecía, era asiduo lector dos seus artigos de prensa e revistas culturais. Admirábo como xornalista, devoto da filoloxía, experto investigador da historia do noso país, académico da lingua, fundador da Editorial Galaxia e un longo etcétera.

Co paso do tempo aqueles primeiros saúdos fóronse transformando en afectos e charlas compartidas.

Unha tarde dos primeiros días de agosto de 1985 daba comezo Baiona Horizonte Atlántico. Os xardíns da quinta do Toutizal entraban en rivalidade co expresionismo fortemente matérico da arte do momento. «A xuventude entregada a fomentar respostas e sorpresas, porque é

necesario reinventar cada día a natureza, a realidade cotiá, se non a vida non tería sentido»¹. Unha festa-*happening*, «a rara circunstancia do verán», como lle chamou o crítico de arte Alberto González Alegre. Na complexa busca da beleza, «o transitorio, o fuxitivo, o continxente, a metade da arte cuxa outra metade é o eterno e o inmutable»². Alí estaban as interrogantes... Alí estaba tamén don Paco, cun atavío estival e envolto na poética do momento, entre artistas e poetas, cambiando impresións, analizando cadros... Fora aquela unha tarde atractiva e lenta. Ao atardecer a oralidade de Carlos Oroza foise diluíndo no horizonte atlántico:

Una visión vespertina

Lo celeste

La barbarie y el lujo mezclados.

Una nube gris perentoria. Un pájaro gris
o la piedra labrada por el aire.

Cando anoitecía vin a don Paco que se retiraba en silencio; posiblemente pensei que aquel serán a arte fixérao valedor dalgún dos seus últimos segredos. O acto creativo non é a pura realidade obxectiva, senón o produto da emoción do artista. Como dixo Friedlander, «ver non é sufrir, senón actuar; implica unha actividade intelectual e emocional»; don Paco en Baiona Horizonte Atlántico puidera comprobalo e sentilo. Durante oito anos Del Riego

1. Antón Castro Fernández: «Díptico de Din Matamoro», en *Baiona Horizonte Atlántico*, 1985.

2. Charles Baudelaire en *El pintor de la vida moderna*, 1865.

gratificounos coa súa presenza e cos seus xestos de comfortable aceptación... Confortábame ver como se movía entre a foresta do xardín contemplando os cadros expostos...; felicitábame sempre con palabras xustas e afortunadas. Oito anos que fortaleceron a nosa amizade e a nosa mutua colaboración.

De todos os retrincos vividos con Del Riego hai algún de comezo desconcertante..., case me atrevería a dicir decepcionante. No ano 1993 Malena, a miña muller, herdeira da vocación polas antigüidades e a arte que fora marca e sinal na vida do seu pai, Abel Lepina, quixo dedicar unha casa no número 4 da praza da Igrexa de Vigo a ser a primeira tenda en Galicia dedicada ao comercio de cartografía antiga e gravado antigo e moderno. O negocio púxose en marcha buscando desde o primeiro día unha certa singularidade cultural. Con motivo da inauguración editouse unha carpeta de gravados: *Bandeiras para unha chamada*, catro bandeiras utópicas gravadas polo artista Manuel Facal e catro poemas referenciais de Manuel Rivas, Uxío Novoneyra, Xela Arias e Xavier Seoane. O ano seguinte, buscando seguir unha liña de inquietude cultural, propúxenlle a Malena iniciar unha edición de libros dirixidos a amantes da arte e bibliófilos; textos de escritores coñecidos ilustrados por artistas de recoñecida valía. Falei do tema co pintor e amigo Laxeiro e pareceulle atractiva a idea, polo que se ofreceu para participar no primeiro número cos seus debuxos. Laxeiro recomendoume visitar a Fernández del Riego como posible autor dun conto para o inicio da edición.

Visitei a don Paco, expliqueille o proxecto e solicitei a súa colaboración para o número un do que sería unha continuada serie (Edicións Aguatinta). Despois de facerlle a proposta separounos un longo silencio...; eu, confuso e sorprendido naquel tempo mudo. Por fin volveu falar don Paco: «Con toda sinceridade direille que creo que non escribín un conto en toda a miña vida... Eu non son un creativo. Creo que son un gran recompilador; eu son un recompilador, polo menos iso creo, un recompilador de datos que foron fortalecendo a trama histórica de Galicia; recompilei milleiros de documentos en centos de carpetas... Recompilei textos literarios baixo o criterio de dar claridade, seriedade e unidade á nosa historia. Gústame fixar acontecementos de forma analítica en textos puntuais...».

Desconcertado naquel momento, involuntariamente pensei se don Paco era realmente sincero naquela situación de distanciamento ou se a súa negativa era simplemente unha desculpa por non dispoñer de tempo en momentos de atafego por absorbentes compromisos de traballo.

Regresei á casa amoucado e pensativo, envolto en numerosas dúbidas... Sería certa a non-creatividade de don Paco? Estaba eu confuso pola gran decepción desde a ilusión dunha esperada resposta afirmativa?

Non pasaran máis de dous días cando Del Riego, nunha chamada telefónica, me requiría para un novo encontro: «Amigo Pereiro, estiven pensando, dándolle voltas ao seu proxecto, e gustaríame colaborar. Cando revolvía nun vello arquivo da miña época de estudante en Santiago

recordei que naquel tempo si escribira un conto... Atopeino e creo que podería servirille... Ademais, como vostede quere, está inédito».

Achegueime ao seu despacho e entregoume unhas cuartillas con aquel remoto e único conto da súa autoría: *Na espera do amigo*. Esta frustrante historia de emigración coa triste e longa espera de Dorinda e Adrián figura co número 1 na colección Edicións Aguatinta. Sirvan como testemuño de fe e de agradecemento as frases finais do conto:

Adrián caíu sen forzas sobre o leito. Dorinda chorou moito sobre o seu corpo ríxido e velou a súa dór moitos amenceres. Despois, o tempo borrou dos homes a lembranza de Adrián, a vellez da súa alma, a triste historia da súa inútil espera.

Cando finalizaba este texto, recordando a don Paco desbordante de sapiencia literaria, veu á miña memoria un artigo de Xosé Luís Méndez Ferrín nos seus acertadísimos «No fondo dos espellos»³. Nel Ferrín recordaba a Fernández del Riego como home heroico e disciplinado: «Foi un orador espléndido que gozou do aplauso das masas», e finalizaba Ferrín con palabras de Castela: «Francisco Fernández del Riego foi un galego inalterábel aos ácidos e infusíbel ao soplete».

O día da súa morte alguén dixo: «Unha mente luminosa, un corazón de ouro e unha vontade de ferro ao servizo de Galicia».

3. Xosé Luís Méndez Ferrín, *Faro de Vigo*, 19/01/2013.